

Regulamento de réxime interno



I- INTRODUCCIÓN

O regulamento de réxime interno será a base pola que se rixa a cooperativa, nel se establecen os principios de *Zocamiñooca* e a forma de organizarse, completando o recollido nos estatutos. Este documento deberá ser coñecido por todas as persoas socias e poderá ser difundido publicamente dentro da política de transparencia e bo goberno da cooperativa.

Por cuestións de igualdade de xénero, nas futuras comunicacións da cooperativa, empregarase indistintamente masculino ou feminino para referirse a homes e mulleres conxuntamente, sendo preferente o uso do feminino.

A lingua de comunicación será preferentemente o galego.

CAPÍTULO I. FUNDAMENTOS

Artigo 1. Principios e valores que defende ZOCAMIÑOCA Soc. Coop. Galega.

Zocamiñooca é unha cooperativa sen ánimo de lucro que ten como principios e valores fundamentais do seu traballo os seguintes:

- O **consumo consciente e responsable**, entendido como a toma de consciencia por parte das consumidoras de como as políticas de produción, distribución e consumo de alimentos, produtos e servizos afectan á comunidade local e internacional e a consecuente toma de responsabilidade para a transformación destas políticas nun proceso xusto e beneficioso para todas.
- A **economía social**, entendida como o conxunto de axentes organizados (asociacións, cooperativas, organizacións...) nos que prevalece o interese xeral sobre o particular e nos que a toma de decisións realízase de modo democrático e participativo. Na economía social priman as persoas e o traballo sobre o capital.
- A **soberanía alimentaria**: o dereito dos pobos a decidir sobre a produción, elaboración e consumo dos seus alimentos, produtos e servizos, recoñecendo e respectando especialmente a actividade e dereitos das mulleres.
- A **ecoloxía social**, que é o estudo dos sistemas humanos en interacción cos seus sistemas ambientais, e na que tanto os dous sistemas como a súa interacción teñen a mesma importancia.

- O **custo enerxético**: propónse un proceso de transformación e de transición cara a outro modelo de consumo baseado nunha relación armónica co medio natural e social, que necesariamente pasa por iniciar procesos de decrecemento para diminuír o impacto ecolóxico que supón o actual modelo de produción, distribución e consumo.
- A búsqueda de **relacións directas** entre *persoas* produtoras e *persoas* consumidoras e, polo tanto, o intercambio digno campo-cidade.
- A **dignificación do rural**. Valoración, coñecemento e desfrute do medio rural e as persoas que nel desenvolven a súa actividade vital e profesional, recoñecéndoo como imprescindible para a vida humana. É necesario que desde unha perspectiva urbana se establezan dinámicas de aprendizaxe do entorno rural, fortalezan as relacións rural-urbano e se asimilen como propias as loitas en defensa do medio rural e os seus habitantes.
- A **transformación social**. Enténdese como a transformación da sociedade actual fundamentada nos valores de competitividade, individualismo, xerarquía e desigualdade por unha outra sociedade baseada nos valores de solidariedade, colectividade, horizontalidade e igualdade. Esta transformación só pode ser construída desde a participación colectiva e individual de todos os sectores de base da sociedade.
- A **xustiza social** (incluída a xustiza Norte-Sur), que constitúe a necesidade de conseguir un reparto equitativo dos bens sociais. Nunha sociedade con xustiza social os Dereitos Humanos son respectados e as clases sociais máis desfavorecidas contan con oportunidades de desenvolvemento.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Artigo 2. Principios organizativos.


Somos unha cooperativa participativa, isto quere dicir que promovemos:

- O fomento e a implicación das persoas integrantes da cooperativa.
- O funcionamento horizontal e con base asemblearia.
- O traballo baseado na confianza e na autonomía das persoas.
- A tendencia a un proceso de grupo fluído, eficaz, ameno, positivo e cordial.
- A austeridade voluntaria no emprego dos recursos.

- Organizámonos en grupos de traballo e comisións especializados para ter unha mellor xestión da cooperativa. As persoas socias poderán participar de unha ou mais comisións ou grupos de traballo.

Artigo 3. Organigrama da organización.

O organigrama da organización será o seguinte, seguindo os principios estatutarios e as necesidades marcadas na cooperativa e debatidas no seu proceso de constitución:



3.1. Órganos de representación legal .

Son os órganos de representación recoñecidos pola lei e recollidos nos estatutos, os acordos tomados polos mesmos son de obrigado cumprimento.

3.1.1. Asemblea:

- É o órgano máximo de decisión.
- Reúnese, como mínimo, unha vez ao ano.
- Aproba as contas da cooperativa e a xestión da organización.
- Delega o traballo na Coordinadora, grupos de traballo e comisións, que deberán presentar un informe anual da actividade realizada para a súa avaliación.

3.1.2. Consello Reitor:

- É o órgano de representación legal da organización, como mínimo ten que ter unha presidenta, unha vicepresidenta, unha secretaria e dúas vocais.
- O Consello Reitor realizará as funcións que sexan de obrigado cumprimento por lei como asinar documentos, xestións bancarias etc. e delegará o resto das funcións e traballo na Coordinadora.
- As persoas con representación legal deben participar da vida da cooperativa podendo estar nalgún dos grupos de traballo da mesma.

3.2. Órganos de funcionamento:

As decisións dos diferentes órganos de funcionamento tomaranse preferentemente por consenso, e só no caso no que non sexa posible este consenso optarase pola votación, evitando no posible a creación de bandos ou grupos enfrontados, sexa cal sexa a decisión.

3.2.1. Coordinadora:

Funcións:

- Marcar as liñas xerais de actuación da cooperativa, prestando especial interese na planificación a medio e longo prazos, así como na revisión no cumprimento dos obxectivos. Neste sentido, axudará á planificación da actividade dos diferentes grupos de traballo e comisións en función da planificación global da cooperativa.
- Velar polo rigoroso cumprimento dos valores e principios básicos da cooperativa.
- Actuar de apoio e guía dos diferentes grupos de traballo e comisións. Realizará un seguimento da súa actividade e coordinará as tarefas que afecten a varios grupos de traballo simultaneamente.
- Comunicar regularmente a todas as socias a evolución da cooperativa, prestando especial atención en informar de calquera cambio relevante o antes posible.
- Planificar, convocar e preparar as Asembleas ordinarias e extraordinarias.

Integrantes:

- Formarán parte da Coordinadora unha ou máis representantes de cada grupo de traballo constituído e en funcionamento: cada grupo de traballo escollerá unha persoa para formar parte da Coordinadora, sendo a persoa encargada de comunicar á Coordinadora a actividade do seu grupo. O grupo de traballo ou a propia Coordinadora poderá propoñer algunha outra persoa para formar parte da Coordinadora, debendo aprobarse por ambas a súa inclusión.
- As integrantes do Consello Reitor terán dereito a formar parte da Coordinadora.
- Para formar parte da Coordinadora é necesario coñecer o funcionamento da cooperativa e ter participado na mesma. Non é posible formar parte da Coordinadora se non existe participación previa nalgún Grupo de Traballo.

3.2.2. Grupos de traballo:

Funcións:

- Desenvolver a actividade referente ao seu campo de actuación de forma autónoma, salvo aquelas decisións que pola súa relevancia correspondan á Coordinadora.
- Seguir as liñas de traballo acordadas na Coordinadora segundo as necesidades da cooperativa.
- As funcións específicas de cada grupo de traballo deberán ser aprobadas por estes en colaboración coa Coordinadora. Estas funcións deberán recollerse nun documento interno que será accesible a todas as socias. As funcións e ámbitos que abarca cada grupo de traballo serán definidos polas persoas que formen parte dese grupo de traballo. Tamén a Coordinadora poderá suxerir novas funcións aos diferentes grupos de traballo segundo as necesidades da cooperativa.
- As responsabilidades básicas de funcionamento da cooperativa que desenvolverán os grupos de traballo son: xestión económica e financeira, comunicación, relación coas produtoras, xestión do local, informática e sensibilización.

Integrantes:

Formarán parte dos grupos de traballo as socias que así o desexen, podendo formar parte simultaneamente de máis de un grupo de traballo. Excepcionalmente poderán colaborar no funcionamento dos grupos de traballo persoas alleas á cooperativa cando estea suficientemente xustificado.

Integrantes especiais:

- Dinamizadora: será a persoa encargada de velar polo bo funcionamento do grupo de traballo. Deberá vixiar que manteña unha actividade continuada no tempo, que se convocan reunións regulares, que se acadan os resultados planificados, que se realizan as actas das reunións, etc. Elexirase por consenso ou maioría (no caso de non existir consenso) entre as persoas que formen parte do grupo de traballo, nunha reunión do mesmo convocada polo menos cunha semana de antelación e sendo esta elección anunciada na convocatoria dentro da orde do día. Poderá variar en calquera momento polo mesmo procedemento.
- Representante na Coordinadora: será, entre outras funcións, a persoa encargada de informar do funcionamento do grupo de traballo na Coordinadora. Elexirase por consenso ou maioría (no caso de non existir consenso) entre as persoas que formen parte do grupo de traballo, nunha reunión do mesmo convocada polo menos cunha semana de antelación e sendo esta elección anunciada na convocatoria dentro da orde do día. Poderá variar en calquera momento polo mesmo procedemento.
- Representante extra na Coordinadora: será proposta pola Coordinadora ou polo grupo de traballo. Aprobarase por consenso ou maioría (no caso de non existir consenso) nunha reunión do grupo de traballo ou da Coordinadora convocada polo menos cunha semana de antelación e sendo esta elección anunciada na convocatoria dentro da orde do día. Poderá variar en calquera momento polo mesmo procedemento.

Poderán coincidir, mais non é aconsellable, na mesma persoa o cargo de dinamizadora e representante na Coordinadora. A asistencia da representante do grupo de traballo ás reunións da Coordinadora non é obrigatoria mais si recomendable.

Poderán xurdir novos grupos de traballo a suxerencia de calquera socia, sendo necesaria a aprobación da creación pola Coordinadora.

Un grupo de traballo poderá pasar a categoría de inactivo se non resulta posible manter o seu funcionamento, podendo desaparecer se a Coordinadora o considera non imprescindible para a cooperativa.

3.2.3. Comisións:

Funcións:

- Desenvolver un traballo ou actividade específica e durante un tempo limitado, cando esta actividade non corresponda a ningún grupo de traballo ou requira da participación de integrantes de diferentes grupos, podendo xurdir por iniciativa da asemblea, da coordinadora ou dos grupos de traballo.
- Seguir as liñas de traballo acordadas na Coordinadora para a realización deste traballo ou actividade e a súa coordinación coa actividade do resto da actividade da Cooperativa.

Integrantes:

- Formarán parte das Comisións as socias que así o desexen.
- Excepcionalmente poderán colaborar no funcionamento das comisións persoas alleas á cooperativa cando estea suficientemente xustificado.

Artigo 4. Persoal contratado.

- Darase preferencia para a contratación de persoal ás socias da cooperativa, é dicir á creación de socias traballadoras. Isto non se aplicará en caso de contratos temporais (para cubrir vacacións ou necesidades análogas).
- Para a contratación de novo persoal terase en consideración, ademais da capacidade para desenvolver a súa labor, a traxectoria da persoa como socia da cooperativa, especialmente a súa implicación no proxecto.
- A Coordinadora terá a responsabilidade da selección do persoal, que dependerá directamente dela.

- Estableceranse as funcións específicas nun documento interno elaborado e aprobado pola Coordinadora.

CAPÍTULO III. PRIORIDADES DA COOPERATIVA EN CANTO AOS PRODUTOS

Artigo 5. Principios para a selección de produtos (incluído Comercio Xusto).

Fomento e preferencia en función de:

- Vexetarianismo: priorizarase o acceso aos produtos para unha base de alimentación vexetariana por ser esta máis saudable e máis respectuosa co medio ambiente e cos animais.
- Producción ecolóxica: enténdese como tales tanto os produtos que poidan ter a certificación oficial de agricultura ecolóxica como aqueles que non o teñan e exista unha relación de confianza coas produtoras. A cooperativa realizará análises se for preciso para comprobar a calidade dos produtos en canto á non utilización de ningún tipo de composto químico contrario ao que se entende por un cultivo de produción ecolóxica. Priorizaremos a calidade dos nosos produtos, entendendo como calidade a que establezcan as cooperativistas en consenso coas produtoras.
- Proximidade: fomenta a riqueza da economía local e minimiza a contaminación do transporte. Será preciso definir operativamente distancias en función do tipo de produto (se é básico/prioritario, se non se produce no territorio inmediato, etc.).
- Produtos de tempada: evitará o consumo de produtos frescos fora de tempada. Os produtos frescos son máis ricos e sans, non empobrecen a terra, favorecen a rotación de cultivos, incentivan un consumo máis próximo, etc.
- Produtos de orixe animal (cárnicos e derivados): será imprescindible que a crianza se realice atendendo aos parámetros de benestar animal e ao adecuado transporte e sacrificio.
- Embalaxe mínima: minimiza o consumo de enerxía e evita xerar unha grande cantidade de residuos contaminantes. Embalaxe mínima (reducir), embalaxe retornable (reutilizar) e embalaxe de material reciclado (reciclar).

- Relacións directas entre as persoas produtoras e consumidoras: favorece as relacións entre campo e cidade, minimiza custes para as consumidoras, posibilita uns prezos máis xustos para as produtoras, enriquece os coñecementos de ambos, etc.
- Ética empresarial: darase preferencia as empresas que destacan positivamente polo seu trato ás traballadoras, o seu funcionamento interno, o seu modo de relacionarse coas consumidoras, o fomento da integración, os seus obxectivos sociais, etc.

Artigo 6. Almacenamento dos produtos no local.

Non poderán estar no mesmo espazo de almacenamento os produtos cárnicos e o resto dos produtos.

Artigo 7. Información sobre os produtos.

Indicarase a procedencia de todos os produtos, información que estará recompilada nun apartado da web para que todas as socias teñen acceso a ela.

CAPÍTULO IV. FINANCIAMENTO

Artigo 8.

O financiamento da cooperativa velará polos principios éticos e socialmente responsables.

- Poderase optar a subvencións públicas para apoio á xestión ou mellora da organización, sempre que non condicionen o funcionamento, integridade e independencia da cooperativa e sempre como unha vía excepcional de financiamento.
- O financiamento privado terá que ser valorado en función de criterios éticos e socialmente responsables
- Non se aceptará financiamento de empresas ou institucións privadas que non cumpran os principios éticos establecidos nos estatutos e neste regulamento. Será preciso definir indicadores consensuados e claros sobre aqueles valores, principios e prácticas que se apoian (criterios como a dimensión das empresas ou institucións e a súa relación co tipo de contratos laborais que aplican, gasto e tipo de campañas publicitarias, modelo empresarial, tipo de produtos ou servizos, etc.)

- Priorizarase a búsqueda de financiamento a través doutras institucións de economía social como *COOP 57* e/ou *Fiare*.
- O diñeiro da organización, sempre que sexa posible, xestionarase desde unha banca ética onde terá a conta a cooperativa.
- A doazón a *Zocamiñoca* de bens e servizos por parte da calquera institución estará suxeita aos mesmos principios éticos establecidos nos estatutos e neste Regulamento de Réxime Interno. O uso por parte de calquera institución pública ou privada do noso nome, logo ou calquera identificación coa cooperativa terá que ser aprobada previamente pola Coordinadora.

CAPÍTULO V. ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Artigo 9.

- Educativas, divulgativas e formativas: charlas, obradoiros, medios de comunicación, punto de información no local, información e asesoramento dos produtos, visitas ás producións, etc.
- Fomento de hábitos sostibles: redeseño do consumo, redución, reutilización, etc.
- Autoabastecemento de produtos eco-lóxicos (compaxinando criterios de selección cuns prezos asequibles).
- Tarefas colectivas (no campo, as propias necesidades do proxecto, etc.).
- Participación en actividades de transformación social (redes, campañas, etc.).

CAPÍTULO VI: COMUNICACIÓN DA ORGANIZACIÓN

Artigo 10. Principios comunicativos.

- Asíumese unha definición básica de comunicación: proceso no cal se comparten informacións, significados e sentimentos de forma interpersoal, intragrupal, intergrupala e social por medio de mensaxes, xa sexan verbais ou non verbais. Hai que ter en conta que a comunicación implica aspectos cognitivos, emocionais, socio-políticos e

comportamentais, mediante este proceso relaciónamos entre nós e co resto da sociedade.

➤ Mediante a acción comunicativa pretendemos: producir ligazóns (conexións, redes, sinerxias), outros mundos posíbeis, dialogar (menos xerarquía e máis cidadanía democrática e inclusiva), educar, obter información, orientar e compartir, crear, modificar ou reforzar aqueles valores, actitudes e hábitos cos que estamos comprometidas como organización.

Artigo 11. Comunicación interna e externa.

➤ Toda comunicación externa deberá levar a imaxe da organización.

➤ A Internet será o medio común de comunicación, aínda que se terá en conta ás persoas con limitado acceso a este medio.

➤ O estilo de comunicación terá como eixos a horizontalidade, a difusión da información, a intercomunicación fluída, amena e respectuosa dos grupos de traballo e as socias, a rigorosidade e a cercanía.

➤ Para acadar os obxectivos marcados pola cooperativa poderán empregarse todo tipo de estratexias comunicativas en diferentes soportes, sempre en colaboración ou baixo demanda cos grupos de traballo.

➤ Como organización que busca unha comunicación fluída, amena e respectuosa, evítanse obstáculos que dificultan a comunicación: o egocentrismo (o ideal é manter unha actitude asertiva e respectuosa); non saber escoitar, só ouvir (intentárase ser receptivo e fomentar a escoita activa); ter prexuízos (é preciso adoptar unha actitude aberta e comprensiva); rexeitar sen reflexión ideas diverxentes coas propias (hai que fomentar a empatía e o consenso); ser dogmático (un proxecto colectivo implica respectar as opinións e actitudes alleas sempre que non vulneren os principios do proxecto).

➤ A información ten que ser a mesma para todas as integrantes da cooperativa aínda que a forma de presentala sexa diferente; aquela información que non sexa de contido exclusivamente operativo ten que chegar a todas as socias; na medida do posíbel hai que achegar e facilitar a información fundamental ás socias sen necesidade que estas a demanden; toda a información e todos os coñecementos dos que dispón a cooperativa, que acumulamos ao longo do proceso, deben estar a disposición das

socias: inclúese a información referida a fontes de financiamento e gastos (procedencia e finalidade) e só existe a excepción dos datos de carácter persoal das socias.

- O software libre será o medio prioritario sempre que sexa posible.
- O grupo de traballo de comunicación organizará as tarefas en función das necesidades da cooperativa e das posibilidades das persoas que formen parte deste grupo.

Artigo 12. Correos electrónicos e páxina web.

- Existirá un correo electrónico principal (zocaminhoca@gmail.com) que se empregará para recibir e difundir información de todo tipo: información sobre a cooperativa, adhesión a campañas, contactos con socias, futuras socias, organizacións, medios de comunicación, etc.
- Os grupos de traballo terán cada un o seu correo electrónico de comunicación interna e empregarán aqueles medios de comunicación que decidan autonomamente para o desenvolvemento eficiente do seu traballo.
- A páxina principal da organización será www.zocaminhoca.org.
- Procurarase non tardar máis de 48 horas en contestar aos correos que cheguen á conta de correo. Os correos que teñan un carácter específico (por exemplo, dirixidos directamente ao grupo de produtoras) encamiñaranse ao correo ou á lista de distribución do grupo de traballo que se encargue do asunto.

Artigo 13. Difusión de campañas, actividades, xornadas.

- Procurarase planificar a difusión da información, tanto no que respecta aos contidos da mesma como á suficiente antelación dos avisos. Intentarase non difundir correos masivos de forma irreflexiva e sen antelación suficiente: crese que o ideal é enviar a información entre 10 e 5 días antes do suceso ao que se pretenda dar difusión. Poderá haber excepcións en función da importancia do evento, as circunstancias ou calquer outro elemento que se valore como pertinente.

Artigo 14. Privacidade.

➤ Coidarase especialmente a privacidade dos datos persoais que manexe a cooperativa: nunca se facilitará esta información sen previo consentimento das afectadas e, salvo excepcións puntuais, os correos colectivos que se envíen deberán levar copia oculta.

CAPÍTULO VII: O LOCAL DA COOPERATIVA E A SÚA XESTIÓN

Artigo 15. Os espazos do local.

O obxectivo co uso do local é sacarlle o maior partido posible, de modo que as distribucións e re-distribucións que se fagan do espazo terán que cumprir as características de:

- Flexibilidade (de cara aos requerimentos de uso que poidan xurdir ademais do seu uso diario).
- Comodidade (de cara ao seu uso diario, á súa limpeza...).
- Velarase especialmente por manter unha axeitada ecoloxía do local.
- Orde (cualidade necesaria debido a ser moitas persoas as que, en certa maneira autónoma, faremos uso del).
- A distribución do local consistirá na co-existencia de 3 zonas divididas en:
 - Unha zona para os alimentos: disporá de espazo para albergar a exposición dos produtos frescos-perecedoiros e non perecedoiros e que será de libre acceso a todas as socias para a recollida dos pedidos.
 - Un espazo multiusos para pequena biblioteca, sala de reunións, obradoiros, etc, que será xestionado pola persoa ou persoas traballadoras, os membros do grupo de local e infraestruturas e as comisións temporais que se formen para as actividades que se vaian organizar no local.
 - Un espazo para administración que albergará toda a documentación legal da cooperativa e no que se desenvolverá o traballo administrativo e de xestión.

Artigo 16. A xestión do local.

A xestión do local contará cuns protocolos en canto a:

- Número de chaves:

Existirán tres copias das chaves do local. Dúas estarán baixo a responsabilidade da Coordinadora, concretamente na persoa da coordinadora que sexa representante do grupo de local e infraestruturas e a outra en mans da persoa ou persoas traballadoras e responsable do local. A Coordinadora poderá facer préstamos dun dos seus xogos de chaves no caso que sexa necesario e sempre levando un control escrito destes préstamos.

- Os responsables da xestión do local serán os membros do grupo de local e infraestruturas, a persoa ou persoas traballadoras no local e as comisións que se formen no seu caso.

- A limpeza do local correrá a cargo da cooperativa, xa sexa mediante o aporte de traballo das socias ou do custe económico que supoña unha persoa que desenvolva tal traballo.

- Servizo de préstamo de libros e de calquer material formativo, recreativo ou informativo.